

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION EXTRAORDINARIA DO 1 DE DECEMBRO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día un de decembro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velooso Ríos, actuando como

Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria, convocado para o día de hoxe ás nove horas co punto único da orde do día, Informe anual da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións sobre o funcionamento da Administración Municipal, máis informe do Valedor do Cidadán correspondente ao ano 2013, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a sesión.

ÚNICO (198).- INFORME ANUAL DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓN E RECLAMACIÓN SOBRE O FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL E INFORME DO VALEDOR DO CIDADÁN CORRESPONDENTE Ó ANO 2013. EXPTE. PLENO (1008/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, número 1008/1101, o secretario da comisión informativa de Queixas e Suxestións, coa conformidade do presidente, emite certificación acreditativa da devandita comisión na súa sesión do día 30 de xullo, na que se ditaminou favorablemente o informe anual do ano 2013 así como o informe do Valedor do Cidadán para ser presentados perante o Pleno da Corporación.

A PRESIDENCIA: Damos a benvida en primeiro lugar ao Valedor do Cidadán, D. Luís Espada, agradecéndolle a súa presenza e o esforzo por expoñer o traballo de seu realizado durante todo este tempo.

Como é habitual comezamos co informe do presidente da Comisión especial de suxestións. Breve intervención, por favor, e logo intervirá o Sr. Valedor sen límite de

tempo.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Alcalde, concelleiras/os, Valedor do Cidadán, público en xeral, bos días a todos/as, un ano máis comparezo diante deste Pleno para ofrecer o balance anual da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, análise feita por esta Comisión ao longo do ano 2013.

En primeiro lugar, e antes de comezar a exposición gustaríame recoñecer o esforzo e colaboración de tódolos traballadores/as deste Concello, gracias aos que podemos ofrecer no día de hoxe un balance positivo da nosa xestión, así mesmo quixera agradecerlle especialmente a súa contribución a tódolos membros desta comisión, a Sra. Veloso, a Sra. Egerique e ao Valedor do Cidadá, don Luís Espada Recarey, que exporá a continuación o seu informe anual, así como os libros elaborados.

Dicir que ao longo destes últimos anos esta Comisión ven realizando un traballo que está a xerar confianza entre a cidadanía viguesa, da que apelamos a sensibilidade cidadá e buscamos espazos e canles para o diálogo a fin de construír o Vigo que desexamos. Nunca antes un goberno municipal se amosara tan preocupado por atender ás demandas cidadás e nunca antes recibiría unha resposta tan cálida da veciñanza da nosa cidade. Co noso esforzo e sempre baixo as directrices do compromiso do noso Alcalde, conseguimos que os departamentos municipais se implicaran na resolución das queixas cidadás, axilizando a súa tramitación administrativa e como non, estabilizando o tempo medio de resolución. No tocante ás queixas recibidas sinalar que a porcentaxe de resolución do ano 2013 sitúase nun 84%, na liña do ano pasado, fronte ao 54% que existía no ano 2007 cando asumimos este goberno, hai que dicir que subir esta porcentaxe de resolución non é fácil polo tipo de queixas demandadas. En canto ao número de queixas recibidas informarlles que se mantén con respecto ao ano pasado, ao día de hoxe son os departamentos de Fomento, Limpeza, Parques e Xardíns e Seguridade, Circulación e Transportes os que recollen a maior parte das demandas cidadás e tamén os que acadan unha maior porcentaxe de resolución do total das queixas, ofrecendo deste xeito co seu esforzo un servizo de calidade que afronta unha mellora continua.

A maior parte das queixas recibidas refírense ao arranxo de calzadas e das

beirarrúas e desbroce de maleza, bancos e vías saudables e sinalización urbana. Polo que respecta á canle preferida pola cidadanía para comunicarse coa administración indicar, que ao igual que nestes últimos anos, segue a ser o teléfono, destacando a importante labor do servizo 010, que a cidadanía destaca a profesionalidade deste servizo como algo moi importante.

Doutra banda salientar que o emprego de internet segue collendo forza ao experimentar un pulo importante nestes últimos anos.

En canto a Suxestións tamén dicir que o número de recibidos mantense con respecto ao ano pasado, o que supón que o equipo de goberno está a acertar nas decisións tomadas posto que a cidadanía de Vigo segue a participar activamente no desenvolvemento municipal. A maior parte das suxestións recibidas céntrase nas áreas de Seguridade, Circulación e Transportes, demandando sinalización, colocación de bolardos, etc. en canto a Fomento sobre todos nas humanizacións e en Parques e Xardíns, mobiliario urbano, biosaudables e arborado.

En canto aos parabéns mantense tamén o número de parabéns dirixidos, á xestión do goberno municipal, os parabéns diríxense fundamentalmente ás oficinas que afrontan a maior carga de tramitacións: Fomento, Limpeza, Parques e Xardíns, e Benestar Social, deste xeito queda claro que a cidadanía aprecia o esforzo que se fai dende este Goberno Municipal e que vai enmarcado dentro das políticas que o Sr. Abel Caballero se propuxo, dende a súa chegada ao goberno, para dar unha resposta inmediata a esas necesidades. Compre destacar a valoración positiva que fan os usuarios do Servizo de Limpeza da nosa cidade que foi distinguido coa “vasoira de platino” por cuarto ano consecutivo, así como da mellora xeneralizara das súas infraestruturas a través das múltiples humanizacións realizadas e da espectacular transformación das zonas históricas.

Para finalizar, gustaríame felicitar a cidadanía viguesa pola especial implicación que está a amosar no coidado e mantemento da nosa cidade, algo que ven impulsado polo noso Alcalde o Sr. Abel Caballero, dende a súa chegada ao goberno, un alcalde comprometido con Vigo e que fai que esta cidade estea a experimentar cos seus cambios a maior transformación nunca antes vista. Queda claro que gracias á colaboración de todos conseguimos facer de Vigo unha cidade fermosa.

PRESIDENCIA: A continuación ten a palabra o Valedor do Cidadán, o Sr. Luis Espada

Recarey.

SR. ESPADA RE CAREY: Bos días, Excmo. Sr. Alcalde, señoras concelleiras e concelleiros, o atraso da lectura deste informe é debido a que quixen que as súa exposición coincidise coa presentación de dúas monografías, actuacións de oficios, unha delas recentemente editada.

De acordo co Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e Valedor do Cidadán, no seu título segundo, apartado 8.1, 4) anualmente mediante informe da conta da súa xestión á Comisión e informe que se acompañará ao que preceptivamente eleve a Comisión ao Pleno, por outra banda elaborará aqueles outros informes e memorias que estime oportunas.

Este informe preséntase con absoluta independencia e autonomía ante o Pleno municipal mantendo que o perfil da función de calquera valedor debe incluír tres características peculiares e definidoras: “máis autoridade que poder, máis xustiza que dereito e máis humanismo que burocracia”. A función principal era evitar, tanto como sexa posible, os recursos e actuacións xudiciais por causa dos conflitos que se producen no ámbito local, utilizando procedementos áxiles e gratuítos dotados de flexibilidade.

O obxectivo do Valedor do Cidadán non é fiscalizar senón colaborar coa administración local independentemente da súa ideoloxía, pois o fin supremo das súas funcións reside na consecución dun vigués integrador para o cal debe dar a coñecer os defectos observados no funcionamento da administración co obxectivo de emendarse sen imposicións senón con recomendacións ao Pleno, admitindo que nalgúns ocasións poda haber diverxencias cos órganos executivos. Este informe está escrito con obxectividade que é ó fin e ó cabo e por último, a capacidade de analizar unha situación dende diferentes ángulos, vocábulo que nos permite ser tamén conscientes das propias debilidades e ver as virtudes con realismo.

A eficacia dunha acción pública ven presidida pola axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata adopción de medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. O que verdadeiramente transcende é que a administración sexa un instrumento da sociedade ao servizo dos intereses xerais, e non caia na frecuente tentación de erixirse nun fin en si mesmo.

Lembrar que o principal papel da sociedade futura reside en harmonizar progreso

económico con progreso social, e formar cidadáns ceibes, tolerantes e solidarios, pois non todo é taxable ou medible ao igual que na política unitaria non quere dicir uniforme, unha sociedade sen paixón é estacionaria, por iso o verdadeiro progreso social consiste en innovarse.

No informe anual que se presenta teñen vostedes editados, ao igual que en anos anteriores, un resumo estadístico das actuacións desenvolvidas ao longo do ano pasado, tanto as de oficio como as de instancia de parte, estas últimas dividíronse en entrevistas, consultas, intervencións e expedientes, de forma sucinta en áreas de plasmar unha versión fixa de todas elas descríbense estas actuacións para áreas temáticas.

Deseguido o Valedor do Cidadán, don Luís Espada Recarey, procede a ler o texto do seu informe anual que se transcribe a continuación:

“O desenvolvemento metodolóxico deste informe está dividido en catro partes diferenciais: Na primeira parte son descritas as actuacións de oficio. Na segunda dáse conta das actuacións a instancia de parte. Nunha terceira parte faise un resumo doutras actuacións levadas a cabo pola Oficina do Valedor do Cidadán. Finalmente, recóllense unhas reflexións de carácter xeral e específica sobre o asociacionismo cultural no municipio de Vigo, a modo de recomendacións.

Parte I: Actuacións de Oficio

Son as realizadas a iniciativa da Valedoría do Cidadán, feito que se pon de manifesto na publicación de monografías ou informes sobre algúns temas que afectan á cidadanía viguesa. Os estudos publicados foron:

-Hábitos de consumo. Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo.

-Seguranza cidadá. Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

-O número total de enquisas realizadas para os dous estudos foi de 3.291.

Sobre o primeiro, o tema obxecto deste estudo está relacionado co consumo sustentábel, isto é, hábitos de cidadanía sobre o consumo de enerxía, auga, xeración de residuos e consumo responsábel (comercio xusto, agricultura e gandaría ecolóxica,...).

En relación á segunda das monografías realizadas, na hora de delimitar o concepto de seguranza cidadá pódese falar de dous tipos de seguranza, a obxectiva e a subxectiva. A primeira refírese aos datos sobre a actividade delituosa que se inclúen nos rexistros policiais ou das forzas de seguridade. É un dato medíbel aínda que a miúdo nunca se chegan a rexistrar todos os delitos cometidos. Por outro lado, a seguridade subxectiva defínese como a situación na que un individuo se atopa perante certas situacións que considera inseguras e está determinada pola construción social da realidade. Esta compoñente subxectiva implica que non todas as persoas perciban a inseguridade da mesma forma e, en consecuencia, os sentimentos de inseguridade distribúense de distinto xeito. O coidado específico e a protección dos membros máis vulnerábeis da sociedade debe ser un elemento prioritario no modelo social europeo.

En relación a Vigo, a análise realizada dos datos consistiu na obtención das porcentaxes de cidadáns que están en cada tramo para os distintos seguimentos da poboación:

- Global
- Por idade
- Por xénero
- Por situación sociolaboral
- Por zona de residencia

En relación co traballo que se entrega (*SMART CITY. Implantación dun sistema intelixente de estacionamento en espazos libres na cidade de Vigo*), este iniciouse en setembro do ano pasado e foi culminado en maio deste ano.

Unha cidade intelixente é aquela na que se implantou ao menos unha iniciativa ligada cunha ou máis das seguintes seis características ou ámbitos concretos: administración intelixente, cidadanía intelixente, vivir de forma intelixente, mobilidade intelixente, economía intelixente e ambiente intelixente.

O traballo analiza un total de 468 cidades europeas de, polo menos, 100.000 habitantes, das cales 240 (51,3%) foron clasificadas como cidades intelixentes.

O proxecto de implantación dun sistema intelixente de estacionamento en espazos libres como o que se propón neste estudo para a cidade de Vigo require dúas partes diferenciadas. Na primeira delas, realizar un estudo detallado dos tempos de estacionamento en catorce zonas representativas da malla urbana. A segunda parte, a partir das conclusións tiradas da primeira, recolle o desenvolvemento dunha proposta no ámbito da Smart City que mellore os resultados dos parámetros considerados no estudo, aplicando un sistema de estacionamento intelixente nunha das zonas máis críticas entre as avaliadas, que foi a zona Centro (eixo formado polas rúas Areal, Rosalía de Castro e García Barbón).

A proposta consiste en instalar nesa zona piloto unha serie de sensores situados en calquera tipo de lugar de estacionamento (rotación/zona azul, carga e descarga ou destinados a persoas con mobilidade reducida). Isto permitirá coñecermos a ocupación dos tres tipos de lugar de estacionamento e detectar rapidamente

infraccións por superación do tempo máximo permitido nas zonas de estacionamento de rotación e nas reservadas para carga e descarga. Alén diso, situaranse paneis luminosos nas entradas das rúas para informar sobre o número de lugares de estacionamento libres dispoñíbeis na zona.

Parte II: Actuacións a Instancia de Parte

En relación coa segunda parte, Entrevistas, Consultas, Intervencións e Expedientes, o seu número ascendeu a 1488 (un 12,0% máis que no ano 2012).

o número de consultas diarias e entrevistas persoais que deron lugar a intervencións e mediacións foi de 1294 (un 17,2% máis que no ano 2012).

A súa distribución por temáticas foi a seguinte:

- BENESTAR SOCIAL : 81 (6,3%)
- CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL: 42 (3,3%)
- EDUCACIÓN: 36 (2,8%)
- MEDIO AMBIENTE: 136 (10,5%)
- MOBILIDADE E SEGURIDADE: 143 (11,1%)
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 24 (1,9%)
- SERVIZOS XERAIS: 72 (5,6%)
- URBANISMO E VIVENDA 170 (13,1%)
- XESTIÓN MUNICIPAL: 87 (6,7%)
- OUTROS: 503 (38,9%) Neste apartado destacan as consultas/entrevistas relacionadas con outras administracións (181), consumo (162) e cuestións civís (160).

Ao igual que o observado no ano 2012, as entrevistas que se engloban dentro do apartado "outros" no están estrictamente vinculadas con conflitos relacionados con el Concello, incrementáronse deste xeito: 0 en 2009, 100 en 2010, 338 en 2011, 449 en 2012 e 503 en 2013. Estas últimas están relacionadas con asuntos variados: pagamento de hipotecas desemprego, dificultades económicas para chegar ao fin de mes, asuntos xudicializados, conflitos de convivencia entre veciños, desconformidade nas facturas de consumo,...

O número de consultas por correo electrónico ascendeu a 194 (un 19,0% máis que no ano 2012). Por temáticas a súa distribución foi:

- Asuntos sociais: 24 (12,4%)
- Benestar social: 21 (10,8%)
- Medio ambiente: 14 (7,2%)
- Movilidade e seguranza: 52 (26,8%)
- Servizos xerais: 17 (8,8%)
- Urbanismo e vivenda: 19 (9,8%)
- Xestión municipal: 13 (6,7%)
- Outros: 34 (17,5%)

No tocante aos Expedientes, este tipo de actuacións teñen lugar cando fracasan as mediacións expostas no apartado anterior. En total, resolvéronse 73 expedientes, segundo o seguinte esquema:

Foron concluídos 48 expedientes pertencentes a anos anteriores:

- En 2006, 4 de Urbanismo e Vivenda e 1 de Mobilidade e Seguranza
- En 2007, 3 de Mobilidade e Seguranza, 1 de Urbanismo e 1 de Medio ambiente
- En 2008, 3 de Mobilidade e Seguranza e 2 de Urbanismo e Vivenda.
- En 2009, 3 de Mobilidade e Seguranza e 1 de Urbanismo e Vivenda
- En 2010, 3 de Mobilidade e Seguranza e 1 de Urbanismo e Vivenda.
- En 2011, 5 de Mobilidade e Seguranza e 2 de Urbanismo e Vivenda
- En 2012, 11 de Mobilidade e Seguranza, 4 de Xestión Municipal, 1 de Educación, 1 de Patrimonio e 1 de Urbanismo e Vivenda.
- En 2013, 14 de Mobilidade e Seguranza, 3 de Urbanismo e Vivenda, 3 de Xestión Municipal, 3 de Medio ambiente, 3 de Benestar Social, 1 de Comercio e Industria, 1 de Educación, 1 de Distritos e 1 de Participación Cidadá.

Parte III: Outras actuacións

Sobre a terceira parte, temos que comezar dicindo que en relación a CONAMA (Congreso Nacional de Medio Ambiente) que cada dous anos se celebra no IFEMA de Madrid, esta Valedoría do Cidadán ten participado cun stand nos dous últimos certames, onde se mostran as achegas que desde Vigo se fixeron sobre a sustentabilidade; isto é, o equilibrio social, económico e ambiental en ámbitos locais como o do municipio de Vigo. Dado que as técnicas e métodos operativos dos traballos realizados son comúns para todas as cidades europeas que presentan os seus resultados dentro dos criterios explicitados nos Indicadores ou Medidores de sustentabilidade, estes poden ser comparados entre eles e así establecer rankings onde se pode valorar a situación da cidade de Vigo en aspectos como mobilidade, contaminación acústica, emisións de CO2,...

No stand, preséntanse todos os estudos que se pormenorizan no díptico que se adxunta, que serve para dar a coñecer a cidade de Vigo nesta temática.

Por outra parte, dentro das actividades programadas no referido Congreso que se celebra este mes de novembro e cuxo ámbito de actuación se estende por España, Portugal e países latinoamericanos, esta Valedoría presentará tres relatorios, un sobre smart cities e outros dous sobre experiencias municipais na xestión do ruído urbano.

A modo de conclusión deste apartado pomos en coñecemento do Pleno que a web do Valedor do Cidadán (<http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>) rexistrou no ano 2013 un total de 18.998 visitas e descargas de documentos.

Os informes e monografías máis solicitadas foron *Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local* (786), *Pobreza e exclusión social* (737), *Discapacidade* (389), *Rutas de carrís para bicicletas no concello de Vigo* (352), *Percepción social do fenómeno do botellón. Aplicación ao municipio de Vigo* (347), *Encuesta sobre aparcamentos disuasorios. Análisis de los factores condicionantes para su planificación* (289), *Indicador común europeo de sustentabilidade A-4. A accesibilidade aos servizos básicos. Aplicación ao municipio de Vigo e comparación*

con outras cidades europeas (282).

Finalmente, preséntase dentro das Actuacións de Oficio o estudo “O asociacionismo cultural no municipio de Vigo” co fin de darnos a coñecer a situación do asociacionismo cultural (cultura de base). Este traballo pretende mostrar os puntos de encontro e diverxencia existentes entre as distintas entidades que figuran nos rexistros de asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

O envío por correo postal dun cuestionario ás asociacións culturais serviu para dar a coñecer a situación actual do tecido asociativo vigués. No desenvolvemento metodolóxico deste estudo descríbese, primeiramente, o concepto de cultura para, posteriormente, mergullarse no asociacionismo cultural observado no Estado español, en Galicia e, fundamentalmente, no municipio de Vigo, no que se analiza a evolución histórica do movemento veciñal e a do asociacionismo.

Os resultados da enquisa son tabulados e analizados en función de parámetros como o ámbito territorial de actuación, os fins e actividades que realizan, instalacións dispoñíbeis, ano de fundación, tipoloxía de financiamento ou número de socios, traballadores e voluntarios.”

O número total de asociacións inscritas no rexistro da Xunta de Galicia do Concello de Vigo ascenden a 680, unha cifra que se fose real batería tódolos records dos números de asociacións culturais por habitante. Unha análise pormenorizado delas indica que 19 responderon que están inactivas, 132 foron devoltas con indicación do destinatario descoñecido usando os enderezos facilitados polos rexistros oficiais citados, e 354 non responderon despois de tres envíos nos meses de maio, xullo e setembro, supoño que na súa maioría están inactivas neste momento. Así pois, en función dos datos obxectivables obtidos, parece que como se a cidadanía viguesa tivese unha inclinación a asociarse a xeito de estrela fugaz e con pouca consistencia no tempo, por iso recoméndase o seguinte: primeiro, habería que definir con claridade o concepto da cultura reagrupando aquelas entidades que non se axustan a este termo dentro dos apartados varios ou outros. Segundo, requiríase levar a cabo un seguimento das baixas que se produzan ou que se poidan producir para a súa eliminación dos listados municipais. Terceiro, esixir de estar ao día no cumprimento das esixencias estatutarias para estar incluídas como asociacións culturais. Desta maneira, contribuírase a evitar a confusión que a calquera persoa ou entidade pode causar a existencia sobre o papel de case 700 entidades de tipo cultural cando na realidade aproximadamente o 10% destas parecen estar

realmente a cumprir cos obxectivos. Nada máis moitas grazias pola súa atención.

PRESIDENCIA: Moitas grazias, don Luís Espada, polo seu informe detallado, polos textos que nos transmite cos estudos tamén en detalle.

SRA. VELOSO RÍOS: Brevemente facer unha intervención para agradecer ao Valedor do Cidadán o traballo que realiza e de maneira infatigable ademais con informes sobre cuestións relativas a nosa cidade realmente importantes e que en moitos casos ademais ofrecen datos dos que ata agora non contábamos e que poden ser de gran utilidade para a aplicación de accións políticas públicas que melloren a calidade de vida de tódolos vigueses/as. Agardamos tamén que ademais se recollan as suxestións que realiza e que sempre veñen ademais directamente da cidadanía porque tódolos informes están baseados nun esforzo enorme de achegarse ás cidadás/áns para que dean directamente a informacións, opinións e as demandas sobre o que se precisa na nosa cidade, por iso espero que ademais dos informes que nos trae ó Pleno extraordinario, sexan lidos, tidos en consideración tamén polo goberno local e agradecer o seu traballo e tamén a súa participación na Comisión de Queixas e Suxestións na que tamén se recollen as demandas da cidadanía que ademais de rogos e felicitacións, na súa maior parte son reclamacións como é de agardar e tamén solicitar do Goberno Local que esas reclamacións se respondan en tempo e forma, é algo que mellorou moito nos últimos anos pero tamén solicitamos a mellora da calidade na respostas que non se trate simplemente de dicirlle aos cidadás/ás que se recibiu a súa reclamación, senón que ademais se transformen os expedientes en accións directas para atender ás demandas da cidadanía.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós dende o Grupo Municipal do Partido Popular tamén nos queremos sumar ao agradecemento ao traballo do Valedor e do equipo que realiza os estudos que si é verdade que son moi interesantes e que temos en conta, insistir un pouco en telos máis presentes á hora de xestionar e para crear unha cidade máis cómoda e máis adaptada ao que solicitan os vigueses, e despois sumarnos tamén ao agradecemento da labor dos traballadores municipais que están ao outro lado dos canais que reciben as queixas e todas as suxestións porque

a verdade é un traballo as veces complicado, non sempre son fáciles de responder tódalas peticións, nós como oposición tamén recibimos moitas peticións dos cidadáns, probablemente duplicadas as veces por internet e polo 010, co cal como dicía a Sra. Veloso, responder con proximidade e cun pouco máis de sensatez e non só como meros números en ocasións. Moitas gracias polo trabalo ao Valedor e a seguir traballando nesta liña.

SR. RIVAS RODRÍGUEZ: En principio agradecer tamén e xa o dicía antes na miña intervención ao Valedor do Cidadán por ese gran traballo, esas publicacións que fixo sobre a Smart Cities e sobre todo o asociacionismo cultural. Dicir que todo iso se recolleu, tense en conta e polo tanto felicitalo por ese traballo e sobre todo por esa acollida nas xornadas en Madrid onde puxemos a Vigo e como el mesmo recoñecía, comparable a calquera cidade de Europa das capitais europeas ou desas importantes cidades europeas.

Dicir tamén en canto ao tema das queixas e suxestións, que se está a facer un gran traballo, ese traballo vense demostrando e dicía no meu informe ao longo de tódolos estes anos, o feito está que dende que se iniciou e chegou este goberno a estar gobernando hai que dicir que conseguimos grandes retos, conseguimos trasladar e contestar a cada una das queixas que chegaron aquí, pasando en números e cifras realmente chamativas, pasando dende un 50 ou menos dun 50% de resolución no ano 2008, a estar en case o 90% de resolución. Dicir tamén que cando chegamos ao goberno o tempo de resolución era de 240 días e agora estamos en torno ao 80 ou 90 días, polo tanto, hai grandes logros, hai respostas ou se pretende dar respostas a tódalas queixas e dicir tamén que os cidadáns hai unha involucración importante por parte de toda a cidadanía viguesa e o que tamén é verdade que cada vez foise aportando un número de queixas maior ata chegar a estabilizarse dende o ano pasado e este, porque había unha resposta e a xente, os cidadáns, vían que había esa solución ao que realmente demandaban e tamén se recollían esas suxestións que foron tan importantes e que van tendo en conta e sobre todo que van na liña de humanizacións, de biosaudables, de parques infantís, de lugares de lecer e un gran esforzo como tamén se ven demostrando na parte de Benestar Social así como na mellora continúa da recuperación dos cascos históricos.

Polo tanto, aí seguimos e aí seguiremos traballando coa axuda de todos.

SR. ESPADA RECAREY: Agradecer a deferencia que tiveron, polo esforzo que cremos que estamos facendo todos, é unha labor conxunta.

Destacaría unha cousa que volvo a insistir, paréceme que a dixen, pero para matizar, neste momento é quizais das 50 cidades que teñen valedores locais das máis altas, ronda o 95% en respostas nas resolucións dos expedientes, como parte positiva e isto foi pouco a pouco como o orballo, ao principio menos, logo menos, eu entendo que era difícil entender ao principio esta figura, logo pouco a pouco foise aumentando, ao principio era baixa a resposta ata chegar a esta. Fíxese en min que o ano pasado concluíronse 48 expedientes pertencentes a anos anteriores que estaban atascados dende o ano 2006, é magnifico pero tamén quedan como dixen lagoas que citei e que hai que resolver.

Sobre o tema da “Smart Cities” teño que dicir que foi un éxito, porque foi así, fíxese ben unha representación que se chama “O Forum de Valedores” ou de “Sindicis de greu” que son os valedores catalás, pedíronme 100 libros que non tiña, din 25 porque non había máis, díxenlle que a partir de mañá xa están na páxina web, en fin que era moi interesante a temática, levei case 50 libros ao stand e despois de expoñer o tema desapareceron rapidamente, é dicir, é unha temática que posiblemente sexa pioneira e iso tamén é unha satisfacción.

Seguir traballando e nada máis, e moi amable.

PRESIDENCIA: Remata a intervención do Valedor rematamos o Pleno extraordinario.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.